

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2019/8537, de 6 de marzo, pola que se aproban as Bases da convocatoria do IV Concurso "Quero Cantar" de música infantil e xuvenil

IV CONCURSO "QUERO CANTAR" DE MÚSICA INFANTIL E XUENIL

Coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical, a Deputación da Coruña convoca o IV Concurso "Quero Cantar" de música infantil e xuvenil de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Pode participar calquera grupo ou solista de ámbito galego que presente e interprete unha composición con letra e música orixinais e inéditas. En función das idades establécense as seguintes categorías:

Categoría A. Infantil.-

Idade: até 12 anos

Número máximo de compoñentes : 12

Para esta categoría permítese que, incluída no límite de 12 compoñentes, haxa unha persoa que supere o límite de idade, que no poderá ser a voz solista.

Categoría B. Xuvenil.-

Idade: de 13 a 16 anos

Número máximo de compoñentes: 12

O límite de idade enténdese en referencia á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Para o efecto do límite de compoñentes, a persoa ou persoas que compoñan a música e a letra só contan como integrantes dun grupo se participan tamén na interpretación do tema.

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Dipoñer de certificado dixital.

Segunda.-

Establécense os seguintes premios:

Premios 1ª Fase do concurso:

5 primeiros clasificados en cada categoría:

*Gravación en estudio da canción e edición no CD denominado Quero Cantar 19

Premios da Gala final:

1º clasificado en cada categoría:

*Gravación dun videoclip da canción gañadora

*Material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos..) por valor de 1.500,00 €.

2º clasificado en cada categoría:

*Material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos..) por valor de 1.000,00 €.

3º clasificado en cada categoría:

*Material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos..) por valor de 500,00 €.

Terceira.-

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o **15 de outubro de 2019, ás 14:00 h.**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

1ª.- Maqueta da composición en formato audiovisual (Mp4), cunha duración máxima de 10 minutos, que debe reunir as seguintes condicións:

1.1.- Música orixinal e inédita (que non fose difundida publicamente con anterioridade por ningún tipo de soporte nin canle).

1.2.-Letra orixinal e en galego.

1.3.-A peza non pode estar incluída no rexistro da Sociedade Xeral de Autores (SGAE).

2ª.- Relación de compoñentes do grupo, indicando nome e apelidos, idade, función dentro do grupo e acompañada con fotocopia do DNI ou, no seu caso, do libro de familia.

3ª.- Descrición das necesidades técnicas e de escenario.

4ª.- Breve biografía do grupo, acompañada dunha fotografía.

5ª.-Documento de aceptación das bases do concurso e de cesión dos dereitos de imaxe (para os fins relacionados co concurso, exclusivamente) que deberá estar asinado polas persoas integrantes do grupo, ou polos seus pais/nais, titores ou representantes legais, no caso dos menores. As persoas que asinen en representación de menores deben xuntar tamén fotocopia do seu documento de identidade.

6ª.- Acreditación do nomeamento da persoa representante do grupo no que se especifique o alcance da dita representación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación).

7ª.- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no **IV Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil**, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Quinta.-

Hanse nomear dous xurados, que estarán presididos pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en que delegar, de acordo co seguinte:

Primeira fase:

O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical.

Fase final:

O xurado comporase de 6 alumnas e alumnos de educación primaria e ESO (tres por cada unha das categorías).

Ambos os dous xurados serán nomeados e presididos pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en que delegar.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en que delegar.

As composicións dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O concurso desenvolverase de acordo co seguinte procedemento:

1ª Fase:

A valoración atenderá aos criterios que a continuación se sinalan, ponderados cun máximo de 30 puntos por cada categoría, e de acordo co seguinte:

Categoría A:

Calidade artística da música: até 10 puntos

Calidade artística da letra: até 10 puntos

Adecuación ao público infantil: até 10 puntos

Categoría B:

Calidade artística da música: até 10 puntos

Calidade artística da letra: até 10 puntos

Adecuación ao público xuvenil: 10 puntos.

Os cinco primeiros clasificados de cada categoría acceden á gravación en estudio da maqueta e á súa edición no disco do concurso. Os tres primeiros de cada categoría pasan ademais á final.

Fase final:

A fase final decidirá as persoas e/ou grupos que gañarán o concurso. Para iso, **no mes de novembro de 2019** terá lugar no Teatro Colón da Coruña unha gala na que os tres grupos de cada categoría que pasasen da fase anterior deben interpretar en directo a súa canción.

Na actuación da gala cada un dos grupos interpretará a canción presentada na maqueta e unicamente por causa debidamente xustificada pode ser admitida algunha variación nas persoas que compoñan o grupo en relación con aquelas que formasen parte del até esa data, sempre respectando as condicións de idade.

A organización do concurso facilitaralles aos grupos que accedan á gala o equipo de son, escenario e equipo de iluminación; tamén fixará os horarios das probas de son e da actuación de cada un dos grupos.

Cada un dos grupos ou solistas que participen nesta fase recibirán a cantidade de 200 € en concepto de indemnización por axudas de custo e gastos de desprazamento.

Todos os instrumentos e voces deben ser interpretadas en directo e non se permite o uso de ningunha parte pregravada.

Sétima.-

A participación nesta convocatoria supón a autorización á Deputación da Coruña para difundir, por un período máximo de seis meses e por calquera canle os temas presentados ao concurso sen xerar ningún tipo de dereito económico para as persoas autoras ou intérpretes.

No caso de que as persoas responsables da autoría das cancións seleccionadas para o CD así o desexaren, a Deputación colaborará na posterior introdución de arranxos no tema de cara á gravación, sempre dentro das súas posibilidades técnicas e orzamentarias.

O CD Quero cantar 19, que ha ser editado pola Deputación da Coruña, é de carácter non comercial e hase distribuír tanto de xeito virtual coma físico.

- Virtualmente ha poder descargarse de xeito grauíto desde a páxina do proxecto www.querocantar.gal
- Fisicamente, cunha tirada de 1000 exemplares para entregar pola organización de xeito grauíto a centros escolares públicos de Galicia e ás/aos propias/os gañadoras/es.

O CD editáranse baixo unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial- Sen derivadas.

Oitava.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Novena.-

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o concurso, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Concurso por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

A Coruña, 6 de marzo de 2019

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2019/1922